



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 15 DE XANEIRO DE 2026

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas do día quince de xaneiro de dous mil vinte e seis, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES
D.^a MÓNICA VARELA GERMADE

Polo grupo municipal do PP:

D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D.^a NIEVES LOURO LÓPEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Non asiste á sesión a Sra. concelleira do grupo político do PP, D.^a Patricia Esther Espiñeira Galán.

Asiste á sesión a interventora interina, D.^a Laura García Santiago, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 15 de xaneiro de 2026, que, xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202601151000100000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

ÚNICO.- PROPOSTA RELATIVA Á PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ADICIONAL 1/2026” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS, ACEPTACIÓN DA TOTALIDADE DAS SÚAS BASES, E SOLICITUDE DA APLICACIÓN DA ACHEGA PROVINCIAL ASIGNADA AOS GASTOS SOCIAIS

Acceso á videoacta – 00:00:47 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo de data 9 de xaneiro de 2026 (CVD: D7x+n9kc11UbDfOA3Ssh), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos Sociais, Educación, Cultura, Movemento Asociativo, Turismo, Patrimonio, Sanidade, Deportes e Xuventude, en sesión extraordinaria e urxente de data 12 de xaneiro de 2026, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS, EDUCACIÓN, CULTURA E MOVEMENTO ASOCIATIVO

O Pleno da Deputación Provincial de A Coruña, con data 28 de novembro de 2025, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+2026”, que se destina aos 93 concellos da provincia. O texto íntegro das Bases foi publicado no BOP núm. 231 do 2 de decembro de 2025.

Xunto co POS+2026 regúlase simultaneamente un POS+ADICIONAL 1/2026 para financiamento de gastos sociais extraordinarios, que será xestionado pola Sección de Servizos Sociais da Deputación Provincial de A Coruña.

O Concello de Cambre ten unha asignación para o POS+AD 1/2026 dun total de **138.584,63 €**.

Visto o informe da coordinadora de servizos sociais do Concello de Cambre de data 30 de decembro de 2025 e (CVD: XPxLjp+C6svnEk+p2pJM), a Concellería de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento asociativo propón ao Pleno da Corporación a aprobación da solicitude do Plan POS+ADICIONAL 1/2026 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios para o exercicio de 2026.

O Concello de Cambre, a proposta da concellería de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento asociativo, é destinar 63.744,78 €, de entre todos os gastos sociais extraordinarios, ao parágrafo a. **Reforzo**, que di literalmente: *“Ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1.”*; e destinar 74.839,85 € ao parágrafo b., que di literalmente: **“Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social para as unidades de convivencia en situación de vulnerabilidade e valoradas polos servizos sociais.**

Estas axudas tramitaranse segundo unha ordenanza municipal, unha convocatoria ou unha axuda directa.

Cando as axudas se entreguen en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite de 500,00 € por unidade entregada.”

En base ao anterior, propoño ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	A	B	C	D	E
Gastos correntes:	63.744,78	0,00	63.744,78	63.744,78	0,00
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ Adicional 1.					
Gastos correntes:	220.000,00	0,00	220.000,00	74.839,85	145.160,15
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social para as unidades de convivencia en situación de vulnerabilidade e valoradas polos servizos sociais.					
Investimentos: Tipoloxía i	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Investimentos: Tipoloxía j	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	283.744,78	0,00	283.744,78	138.584,63	145.160,15

A. previsión de gastos para o 2026

B. estimación doutros ingresos públicos ou privados

C. estimación do gasto a financiar polo concello

D. importe solicitado no POS+ADICIONAL 2026

E. importe financiado con outros recursos propios do concello

IMPORTES SOLICITADOS	
I. Importe solicitado para gastos correntes	138.584,63
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoxía i	0,00
III. Importe solicitado para investimentos: Tipoxía j	0,00
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 1/ 2026 (I + II + III)	138.584,63

2.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña do xeito establecido nas Bases do Plan.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes e o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo de data 9 de xaneiro de 2026, obténdose o seguinte resultado:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Votos a favor: Doce (12), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío e Castro Uzal

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Oito (8), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo de data 9 de xaneiro de 2026 (CVD: D7x+n9kc11UbDfOA3Ssh), que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e dezanove minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe
A presidenta
(Asinada dixitalmente)

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo